

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

TITORA: ANA ARMESTO CASANOVA

PROXECTO XERMOLIÑO

Introducción

Estas actividades estiveron relacionadas co curriculum de C. da Natureza, Matemáticas e Plástica.

Tamén participaron activamente no proxecto: "ALIMÉNTATE-BEN", relacionado co reparto de froita fresca no tempo de lecer.



Os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, as competencias básicas, os recursos empregados e as actividades relacionadas co proxecto foron os seguintes:

CONTIDOS:

C.da natureza:

- B2.4. Saúde e enfermidade.
- B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- B2.6. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.
- B2.11. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.
- B2.12. Identificación de sistemas de conservación alimentaria.
- B2.13. Pirámide alimentaria.
- B2.14. Análise de dietas equilibradas.

Matemáticas:

- B2.7. O número decimal: décimas e centésimas.
- B2.9. Os números decimais: valor de posición.
- B2.16. Operacións con números decimais.
- B2.17. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.

Plástica:

- B1.1. Comunicación das apreciacións obtidas por observación.
- B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.
- B1.10. Valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan.
- B1.11. Comunicación das apreciacións obtidas dunha imaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

C.da natureza:

- B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.

Matemáticas:

- B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).
- B2.3. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.

Plástica:

- B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.
- B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.

ESTANDARES DE APRENDIZAXE:

C.da natureza:

- CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferenza prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
- CNB2.3.1. Clasifica e diferenza alimentos en función dos nutrientes principais.
- CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.
- CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.

Matemáticas:

- MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- MTB2.3.1. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.

- MTB2.3.3. Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.

Plástica:

- EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...).
- EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.
- EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.

COMPETENCIAS CLAVE:

C.da natureza:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Matemáticas:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia aprender a aprender (CAA)
- Comunicación lingüística (CCL)

Plástica:

- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Competencia aprender a aprender (CAA)
- Comunicación lingüística (CCL)



ACTIVIDADES:

- Realizamos diferentes actividades propostas no **libro de texto de Naturais**, relacionadas co tema da alimentación saudable e do coidado da nosa saúde.

- **Investigamos e buscamos información** sobre: o tema da alimentación, da importancia de realizar exercicio físico e da importancia de coidarnos e mantermos sans ao longo da nosa vida.
- Realizamos diferentes actividades relacionadas coa **área de matemáticas**: a lista da compra, elaboración de diferentes listaxes de compra, a compra intelixente, a compra saudable, o aforro económico, análise das ofertas no supermercado e as súas vantaxes económicas, xogos imaxinarios e divertidos de diversos produtos do supermercado, elaboración de diferentes listaxes de produtos que precisásemos mercar e o seu importe económico, etc.
- Adicamos varias sesións na **área de plástica**, a facer traballos, relacionados coa análise e interpretación de folletos publicitarios de coñecidos supermercados.
- Realizamos diferentes **lecturas**: libros, revistas, folletos, artigos, etc... para informarnos e aprender, tanto sobre unha boa alimentación, como sobre o bo coidado e o bo mantemento do noso corpo e da nosa mente.
- Usamos as **TICS** para buscar información e para realizar actividades **LIM** relacionadas co proxecto.
- Participamos no programa **ALIMENTATE-BEN** de reparto de froita no tempo de lecer.



RECURSOS EMPREGADOS:

- Libro de texto **Vicens Vives (4º E.P.)**
- Unidades didácticas da **fundación Eroski (Enerxía para medrar)**.
- Artigos de diferentes revistas de **EROSKI CONSUMER e OCU SALUD**.
- Diferentes **recursos dixitais e actividades LIM**, así como diferentes **xogos interactivos**.
- **Libros, revistas, folletos, recortes varios**, etc... que aportaron os alumnos/as.